

A PROPOSTA

Desenvolver un **evento de promoción da oferta de calidade das cooperativas agroalimentarias e de artesanía de Galicia** dirixido a darlle un impulso á súa proxección no exterior, ao tempo que contribúe a mellorar a imaxe de Galicia no resto do país.

Para isto, realizarase unha xornada dirixida a prescritores profesionais, neste caso, aos equipos xestores e programadores de actividades dos **principais Mercados Gastronómicos** (Madrid, Barcelona, Bilbao, Valladolid, Sevilla, Córdoba e Murcia) xa que son grandes espazos de lecer onde a xente se reúne para gozar do seu tempo libre da man da gastronomía. Do mesmo xeito, os mercados gastronómicos son un punto de compra imprescindible para os amantes dos produtos gourmet e ecolóxicos.

A través desta **xornada de familiarización** enfocada a presentar o traballo das **cooperativas** e os principais produtos elaborados por elas en Galicia, pretendemos tamén dar a coñecer a súa **formidable capacidade produtiva**.

PROMOCIÓN DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS E ARTESANÍA



COOPERATIVAS GALEGAS

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

MERCADOS GASTRONÓMICOS

MADRID

- Mercado de San Antón
- Platea Madrid

BARCELONA

- La Boquería
- Santa Caterina

BILBAO

- Mercado de La Ribera

SEVILLA

- Lonja del Barranco

CÓRDOBA

- Mercado Victoria

MURCIA

- Mercado del Correo

PLAN DE TRABAJO

• Posta en contacto:

O principal obxectivo será a posta en contacto das cooperativas galegas co principais mercados gastronómicos do noso país, tratando de establecer relacións e unha nova canle de distribución dos seus produtos.

• Funcionamento rolda de negocios:

Os mercados gastronómicos presentarán o modelo de programación de actividades e contidos de ocio, así como a tipoloxía da oferta dos postos de vendas dos seus respectivos mercados. (Duración aprox.: 10 min por mercado). As cooperativas participantes poderán solicitar información e dialogar cos visitantes.

• Demostracións e visitas:

Tomando como marco a Praza de Abastos de Santiago, presentaranse diversas solucións gastronómicas de cara a consolidar nos establecementos gastronómicos a celebración dunha semana gastronómica de Galicia en cada un deles. Como colofón, procederase a visitar dúas cooperativas relevantes no seu sector.

PROGRAMA

Data: 22 de xaneiro de 2018

Lugar: **Sala polivalente. Praza de Abastos de Santiago de Compostela.**

11:00 h: Benvida e recibimento dos xestores e programadores de actividades dos Mercados Gourmet

11:15 h: Inauguración

11:30 h: Sesión e posta en contacto:

- Breve presentación dos mercados gastronómicos.
- Rolda de preguntas das cooperativas, dudas que poidan surdir acerca da distribución e comercialización dos seus produtos, etc

13:00 h: Gastronomía e diálogo

- Espazo distendido e próximo onde degustar un pequeno cóctel e establecer un diálogo entre mercados e cooperativa, propiciando un achegamento e novas formas de comercialización dos produtos galegos.

14:00 h: Xantar (Show cooking con produtos de cooperativas)

16:00 h: Visita dos mercados a cooperativas

20:00 h: Fin da xornada e cea de despedida